

IES “MANUEL GARCÍA BARROS”
Departamento de Orientación
2014-2015

ORIENTACIÓN ACADÉMICA
1º Bacharelato

**“2º BACHARELATO, SELECTIVIDADE-2016,
CICLOS FORMATIVOS”**

26 de marzo de 2015

ESTRUCTURA do BACHARELATO

➤ O Bacharelato comprende **dous cursos académicos**.

➤ Estrúcturase en **tres MODALIDADES**:

✓ **CIENCIAS e TECNOLOXÍA.**

✓ **HUMANIDADES e CIENCIAS SOCIAIS.**

✓ **ARTES**: Dúas vías.

✚ Artes plásticas, deseño e imaxe.

✚ Artes escénicas, música e danza.

➤ O Bacharelato organiza-se en:

✓ **MATERIAS COMÚNS.**

✓ **MATERIAS de MODALIDADE.**

✓ **MATERIAS OPTATIVAS.**

DISTRIBUCIÓN de MATERIAS e HORARIA **2º Bacharelato – L.O.E**

➤ **MATERIAS COMÚNS:**

- HISTORIA de ESPAÑA (3 horas).
- HISTORIA da FILOSOFÍA (3 horas).
- LINGUA CASTELÁ e LITERATURA II (3 horas).
- LINGUA GALEGA e LITERATURA II (3 horas).
- LINGUA ESTRANXEIRA II : INGLÉS II / FRANCÉS II (3horas). *Elixir unha; a mesma que en 1º.*
- Relixión / Atención Educativa (1 hora). *Elixir unha.*

➤ **TRES MATERIAS PROPIAS de MODALIDADE:** 4 h / materia.

➤ **UNHA MATERIA OPTATIVA:** 4 h

TOTAL = 32 horas lectivas.

MATERIAS de MODALIDADE **2º Bacharelato / MGB / 2015-2016**

➤ As **MATERIAS** da **MODALIDADE** de **CIENCIAS** e **TECNOLOXÍA** son as seguintes:

- ✓ **MATEMÁTICAS II** : Obrigatoria

- ✓ FÍSICA *
- ✓ QUÍMICA *
- ✓ ELECTROTECNIA *

- ✓ BIOLOXÍA *
- ✓ CIENCIAS da TERRA e AMBIENTAIS *

- ✓ DEBUXO TÉCNICO II

- ✓ TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II

➤ É importante saber que:

- ✓ Para **CURSAR** as materias que teñan * ou II, necesítase ter **CURSADO** a **correspondente de 1º** ou ben **CURSALA** o próximo ano (2015-16) como pendente ou acreditar coñecementos previos.

- ✓ FÍSICA / QUÍMICA / ELECTROTECNIA: **vinculadas a FQ 01**

- ✓ BIOLOXÍA / CC. da TERRA e AMBIENTAIS: **vinculadas a BX 1º**

- ✓ MATEMÁTICAS II / DEBUXO TÉCNICO II / TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II: **Son materias de contidos progresivos. Requerirase a superación das de primeiro curso para seren avaliadas**

➤ As **MATERIAS** da **MODALIDADE** de **HUMANIDADES e CIENCIAS SOCIAIS** son as seguintes:

- ✓ **XEOGRAFÍA** : Obrigatoria
- ✓ **MATEMÁTICAS APLICADAS ás CIENCIAS SOCIAIS II**
- ✓ **ECONOMÍA da EMPRESA**
- ✓ **LATÍN II**
- ✓ **GREGO II**
- ✓ **HISTORIA da ARTE**
- ✓ **LITERATURA UNIVERSAL**

➤ É importante saber que:

- ✓ Para **CURSAR** as materias que teñan **II**, necesítase ter **CURSADO** a **correspondente de 1º** ou ben **CURSALA** o próximo ano (2015-16) como pendente ou acreditar coñecementos previos.
- ✓ **MATEMÁTICAS APLIC. CC.SS II / LATÍN II / GREGO II: Son materias de contidos progresivos. Requerirase a superación das de primeiro curso para seren avaliadas**

- As **MATERIAS** da **MODALIDADE** de **ARTES** son as seguintes:

✚ Vía de Artes plásticas, deseño e imaxe:

- ✓ **TÉCNICAS de EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA:**
Obrigatoria
- ✓ **DEBUXO ARTÍSTICO II**
- ✓ **DEBUXO TÉCNICO II**
- ✓ **HISTORIA da ARTE**
- ✓ **DESEÑO**

✚ Vía de Artes escénicas, música e danza:

- ✓ **HISTORIA da MÚSICA e da DANZA:** Obrigatoria
- ✓ **ANÁLISE MUSICAL II**
- ✓ **ARTES ESCÉNICAS**
- ✓ **LITERATURA UNIVERSAL**

- É importante saber que:

- ✓ Para **CURSAR** as materias que teñan **II**, necesítase ter **CURSADO** a **correspondente de 1º** ou ben **CURSALA** o próximo ano (2015-16) como pendente ou acreditar coñecementos previos.
- ✓ **DEBUXO ARTÍSTICO II / DEBUXO TÉCNICO II / ANALISE MUSICAL II: Son materias de contidos progresivos. Requerirase a superación das de primeiro curso para seren avaliadas**

MATERIAS OPTATIVAS

2º Bacharelato / MGB / 2015-2016

➤ **O Instituto ofertará as seguintes MATERIAS OPTATIVAS:**

- ✓ Segunda Lingua Estranxeira II: Francés (No PAU)
- ✓ Literatura Galega do Século XX e da Actualidade (No PAU)
- ✓ Métodos Estatísticos e Numéricos (No PAU)
- ✓ Xeografía e Historia de Galicia (No PAU)
- ✓ Xeoloxía * (No PAU)
- ✓ **MATERIA de MODALIDADE (**).**

➤ É importante saber que:

- ✓ Para **CURSAR** a materia que teña *, necesítase ter **CURSADO** a **correspondente de 1º** ou ben **CURSALA** o próximo ano (2015-16) como pendente ou acreditar coñecementos previos.
- ✓ Xeoloxía: **vinculada a BX 1º**
- ✓ (**) **Garantírase que o alumnado poida elixir tamén como MATERIA OPTATIVA unha MATERIA de MODALIDADE.**
- ✓ A Segunda Lingua Estranxeira II (Francés) é de oferta obrigatoria.

TITULACIÓN

- Para obter o **Título de Bacharel** será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

- Este Título terá efectos laborais e académicos. Habilita para acceder a:
 - ✓ **ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS de GRAO** (*superada a Proba de Acceso: P.A.U.*).

 - ✓ **CICLOS FORMATIVOS de GRAO SUPERIOR.**

PROBA de ACCESO ás ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS de GRAO: 2015-16

(Convocatorias de xuño e setembro – 2016)

- A proba de acceso, adecuarase ao currículo do Bacharelato e versará sobre as materias establecidas para o **SEGUNDO CURSO**.
- Estrúctúrase en dúas fases: **FASE XERAL** (obrigatoria) e **FASE ESPECÍFICA** (de carácter voluntario e permite mellorar a cualificación obtida na Fase Xeral).

FASE XERAL

- Consta dos exercicios seguintes:

1º) “Lingua Castelá e Literatura II”: Consistirá no comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e contidos da materia.

2º) “Lingua Galega e Literatura II”: Consistirá no comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e contidos da materia.

3º) Exercicio relacionado cunha das materias de 2º Bacharelato: **“Historia de España”** ou **“Historia da Filosofía”**.

4º) Exercicio de **“Lingua Estranxeira”:** **“Inglés” / “Francés”** / Alemán / Italiano / Portugués.

5º) Exercicio sobre unha **MATERIA de MODALIDADE** de 2º **Bacharelato** (distinta das materias de modalidade que podas elixir para a fase específica).

- **É importante saber que:**

- ✓ **CUALIFICACIÓN da FASE XERAL:** Será a **media aritmética das cualificacións de todos os exercicios da fase**, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais.

O ACCESO Á UNIVERSIDADE

- Para cursar estudos universitarios oficiais de grao se requerirá, con carácter xeral, a **SUPERACIÓN** da **PROBA de ACCESO**.
- **PROBA de ACCESO SUPERADA:** É cando o estudante obteña unha **nota igual ou superior a 5 puntos**, como resultado da **media ponderada** do **60 %** da nota media do **Bacharelato** e o **40 %** da cualificación da **Fase Xeral** e **sempre que obtivese un mínimo de catro puntos na cualificación da Fase Xeral**.

$$0,6 * NMB + 0,4 * CFX \geq 5$$

$$(CFX \geq 4)$$

NMB: Nota Media do Bacharelato

CFX: Cualificación da Fase Xeral

- A nota media do Bacharelato exprésase con dúas cifras decimais. Non se computará a cualificación obtida na materia de Relixión.
- A cualificación da PROBA de ACCESO á Universidade exprésase en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais.
- **Por que aprobar aprobar a Selectividade é tan doado?**

Quizais ten que ver co feito de que **podes aprobar cun 4**. A nota mínima para aprobar a Selectividade é un 4 na Fase Xeral, sempre que ao realizar a media ponderada entre o Bacharelato (60%) e a cualificación da Fase Xeral (40%), a nota de acceso sexa igual ou superior a 5 puntos. Concretamente, se a túa **media de Bacharelato** é **5,67** ou máis, un **4** na **Fase Xeral** da Selectividade vale para aprobar:

$$0,6 * 5,67 + 0,4 * 4 = 5$$

Loxicamente hai que aspirar a moito máis!!!

EXEMPLO PRÁCTICO

➤ **NMB = 7,75** (*non se considera a nota de Relixión*).

➤ **FASE XERAL:**

- ✓ “**LINGUA CASTELÁ e LITERATURA II**” (*Comentario dun texto*) = **6,65**.
- ✓ “**LINGUA GALEGA e LITERATURA II**” (*Comentario dun texto*) = **7,25**.
- ✓ **HISTORIA de ESPAÑA = 8,75**.
- ✓ **INGLÉS = 7,75**.
- ✓ **MATERIA PROPIA de MODALIDADE = 8,15**.

✓ **CUALIFICACIÓN da FASE XERAL: *Media aritmética***.

$$\text{CFX} = 6,65 + 7,25 + 8,75 + 7,75 + 8,15 / 5 = \mathbf{7,710}$$

✓ **CUALIFICACIÓN da PROBA de ACCESO: *Media ponderada*** (60 % nota media do Bacharelato – 40 % Cualificación Fase Xeral).

$$0,6 * 7,75 + 0,4 * 7,710 = \mathbf{7,734}$$

7,734 > 5 → PROBA de ACCESO SUPERADA

Se o/a alumn@ quere estudar unha **Titulación Universitaria** con **LÍMITE de PRAZAS** e cunha **NOTA de CORTE ALTA** (*Medicina: 12,102 / Odontoloxía: 11,722 / Fisioterapia: 10,510 / Tradución e Interpretación Español-Inglés: 10,074 ... etc*), **deberá mellorar a cualificación da Fase Xeral** (“*subir nota*”). **¿Como?** Terá que realizar a **FASE ESPECÍFICA**, presentándose a **1, 2, 3 ou ata 4 MATERIAS** de MODALIDADE.

Polo tanto, continúa a Selectividade...

FASE ESPECÍFICA

- É de carácter **voluntario**.

- **¿Para qué vale?** Permite **mellorar** a **cualificación** obtida na **Fase Xeral** → Acceso a Titulacións con **LÍMITE de PRAZAS**.

- Cada estudante poderá examinarse **DUN MÁXIMO** de **CATRO MATERIAS** de entre as de **MODALIDADE** do segundo curso de Bacharelato, que deberán ser **distintas** da **materia de modalidade** elixida para a **Fase Xeral** e **deberán estar adscritas á Rama do Coñecemento do Título** no cal queiran ser admitidos.

- **É importante saber que:**
 - ✓ **PUNTUACIÓN:** Cada unha das materias das cales se examina o estudante cualificarase de **0 a 10 puntos**, con dúas cifras decimais. **Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco puntos.**

ADMISIÓN ás TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS de GRAO con LÍMITE de PRAZAS

- Cando o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas, as universidades públicas empregarán para a adxudicación das prazas a **NOTA de ADMISIÓN** que corresponda (*Procedemento de concorrencia competitiva*).
- *¿Cómo se calcula a NOTA de ADMISIÓN?* Coa seguinte fórmula:

$$\text{Nota de Admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CFX} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB: Nota Media do Bacharelato

CFX: Cualificación da Fase Xeral

M1, M2: As dúas materias superadas da Fase Específica con mellor cualificación UNHA VEZ APLICADOS OS PARÁMETROS DE PONDERACIÓN

a, b: Parámetros de Ponderación das materias M1 e M2 da Fase Específica

- **É importante saber que:**
 - ✓ A Nota de Admisión se expresará con tres cifras decimais.
 - ✓ No caso de empate na Nota de Admisión, para a adxudicación de prazas, terán **OPCIÓN PREFERENTE** os estudantes que na **FASE XERAL** elixiran unha **materia de modalidade VINCULADA á RAMA de COÑECEMENTO** da ensinanza á que se solicite acceder.
 - ✓ A **Nota de Admisión** incorporará as **cualificacións das materias SUPERADAS da FASE ESPECÍFICA sempre que as ditas materias estean adscritas á rama do coñecemento do Título** no cal queiran ser admitidos (*ver as táboas de adscricións na páxina 22*).
 - ✓ Os **Parámetros de Ponderación** (**a** ou **b** : **0,1** ou **0,2**) serán aprobados polas Universidades de Galicia para o acceso ao curso académico que corresponda.
<http://ciug.cesga.es/PDF/ponderaciones15.pdf>

EXEMPLO PRÁCTICO

➤ **FASE ESPECÍFICA** (suposto: preséntase a tres: M1; M2; M3):

- ✓ M1 (parámetro ponderación: 0,2) = 6.
- ✓ M2 (parámetro ponderación: 0,2) = 5.
- ✓ M3 (parámetro ponderación: 0,1) = 8.

✓ Cálculos: $0,2 * 6 = +1,2$ /// $0,2 * 5 = +1$ /// $0,1 * 8 = +0,8$
(1,2 > 1 > 0,8)

✓ **NOTA de ADMISIÓN:**

$$0,6 * NMB + 0,4 * CFX + \underline{a * M1 + b * M2}$$

$$7,734 + \underline{0,2 * 6 + 0,2 * 5}$$

$$7,734 + \underline{1,2 + 1}$$

$$7,734 + \underline{2,2}$$

$$\text{NOTA de ADMISIÓN} = \mathbf{9,934}$$

“O alumn@ mellora a cualificación obtida a través da Fase Xeral e da NMB en 2,2 puntos”

É importante destacar a importancia que teñen os **PARÁMETROS de PONDERACIÓN**: A nota de 8 obtida en M3 non se considerou por ter un **parámetro de ponderación baixo: 0,1**.

VALORACIÓN DAS MATERIAS DE MODALIDADE: FASE XERAL E ESPECÍFICA

Os “14 puntos en xogo” son aportados por:

- I. Expediente Bacharelato: NMB; 6 puntos
- II. Fase Xeral: CFX; 4 puntos / 5 materias
- III. Fase Específica: 4 puntos / 2 materias

Facendo números demóstrase que as MATERIAS da FAXE XERAL son as que teñen menos impacto na túa nota global (NOTA de ADMISIÓN). Vexámolo

CONCEPTO	PUNTOS POSIBLES	MATERIAS	PUNTOS por MATERIA	PORCENTAJES	PORCENTAJES por MATERIA
EXPEDIENTE	6	-	-	42,86	-
FASE XERAL	4	5	0,8	28,57	5,71
FASE ESPECÍFICA	4	2	2	28,57	14,29
TOTAL	14				

¡Demostrado! Unha materia vale moito menos na Fase Xeral que na Específica

NOTAS de CORTE e PRAZAS OFERTADAS
Acceso Curso 2014-2015 / "59 notas de corte máis altas"

TITULACIÓN	UNIVERSIDADE	NOTA	PRAZAS
<i>Grao en Medicina</i>	Santiago	12,102	350
<i>Grao en Odontoloxía</i>	Santiago	11,722	50
<i>Grao en Bioloxía e Química (Dobre Titulación)</i>	A Coruña	11,514	10
<i>Grao en Fisioterapia</i>	A Coruña	10,510	60
<i>Grao en Fisioterapia</i>	Vigo (Pontevedra)	10,314	50
<i>Grao en Tradución e Interpretación (Español-Inglés)</i>	Vigo	10,074	50
<i>Grao en Veterinaria</i>	Santiago (Lugo)	10,038	110
<i>Grao en Xornalismo</i>	Santiago	9,860	80
<i>Grao en Dereito e Admon. e Dirección de Empresas (Dobre Titulación)</i>	A Coruña	9,708	60
<i>Grao en Enfermaría</i>	A Coruña	9,700	60
<i>Grao en Enfermaría</i>	Vigo (Meixoeiro)	9,436	50
<i>Grao en Comunicación Audiovisual</i>	Santiago	9,190	50
<i>Grao en Dereito e Admon. e Dirección de Empresas (Dobre Titulación)</i>	Vigo	9,133	40
<i>Grao en Enfermaría</i>	Santiago	9,044	150
<i>Enxeñaría Informática</i>	Santiago	9,000	60
<i>Grao en Comunicación Audiovisual</i>	A Coruña	8,945	50
<i>Grao en Enxeñaría Química</i>	Santiago	8,887	60
<i>Grao en Enfermaría</i>	Santiago (Lugo)	8,840	68
<i>Grao en Enfermaría</i>	A Coruña (Ferrol)	8,800	60
<i>Grao en Enfermaría</i>	Vigo (Pontevedra)	8,768	50
<i>Grao en Enfermaría</i>	Vigo (Ourense)	8,722	50
<i>Grao en Comunicación Audiovisual</i>	Vigo (Pontevedra)	8,690	45
<i>Grao en Enxeñaría da Enerxía</i>	Vigo	8,630	50
<i>Grao en Farmacia</i>	Santiago	8,524	200
<i>Grao en Dereito</i>	Santiago	8,110	180
<i>Grao en Psicología</i>	Santiago	8,098	150
<i>Grao en Bioloxía</i>	Santiago	7,796	150
<i>Grao en Ciencias Empresariais e Turismo (Dobre Titulación)</i>	A Coruña	7,784	30
<i>Grao en Bioloxía</i>	Vigo	7,666	75
<i>Grao en Terapia Ocupacional</i>	A Coruña	7,600	50
<i>Grao en Publicidade e Relacións Públicas</i>	Vigo (Pontevedra)	7,500	100
<i>Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte</i>	A Coruña	7,386	120

<i>Grao en Física</i>	Santiago	7,348	100
<i>Grao en Ciencias da Actividade e do Deporte</i>	Vigo (Pontevedra)	7,336	100
<i>Grao de Mestre en Educación Infantil</i>	Santiago	7,320	80
<i>Grao en Educación Infantil</i>	Vigo (Pontevedra)	7,205	75
<i>Grao en Bioloxía</i>	A Coruña	7,165	70
<i>Grao en Dereito</i>	Vigo	7,159	70
<i>Grao en Educación Primaria</i>	Vigo (Pontevedra)	7,138	75
<i>Grao de Mestre en Educación Primaria</i>	Santiago	7,100	140
<i>Grao en Dereito</i>	A Coruña	7,081	120
<i>Grao en Óptica e Optometría</i>	Santiago	7,000	60
<i>Grao en Educación Primaria</i>	A Coruña	6,900	120
<i>Grao en Dereito e Admon. e Dirección de Empresas (Dobre Titulación)</i>	Vigo (Ourense)	6,862	20
<i>Grao en Podoloxía</i>	A Coruña (Ferrol)	6,760	50
<i>Grao en Enfermaría</i>	Vigo (Povisa)	6,716	70
<i>Grao en Linguas Estranxeiras</i>	Vigo	6,716	50
<i>Grao en Educación Infantil</i>	A Coruña	6,680	120
<i>Grao en Dereito</i>	Vigo (Ourense)	6,453	50
<i>Grao en Educación Infantil</i>	Vigo (Ourense)	6,424	75
<i>Grao en Pedagogía</i>	Santiago	6,400	75
<i>Grao en Educación Social</i>	Santiago	6,388	70
<i>Grao en Logopedia</i>	A Coruña	6,350	55
<i>Grao en Educación Primaria</i>	Vigo (Ourense)	6,310	75
<i>Grao en Economía</i>	Vigo	6,254	60
<i>Grao en Administración e Dirección de Empresas</i>	Santiago	6,158	200
<i>Grao en Historia</i>	Santiago	6,149	100
<i>Grao en Química</i>	A Coruña	6,090	50
<i>Grao en Tradución e Interpretación (Español-Francés)</i>	Vigo	6,072	20

Para saber máis:

<http://ciug.cesga.es/PDF/notasdecorte1415.pdf>

ANEXOS

TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS de GRAO so S.U.G para o acceso ao curso 2015 – 2016 e RAMÁS do COÑECEMENTO

➤ Hai **5 Ramas de Coñecemento:**

- ✓ ARTES e HUMANIDADES.
- ✓ CIENCIAS.
- ✓ CIENCIAS da SAÚDE.
- ✓ ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA.
- ✓ CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS.

➤ Hai **85 Títulos de Grao** para o curso 2015 – 2016

ARTES e HUMANIDADES: 19
Belas Artes
Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios
Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
Filoxía Clásica
Filosofía
Galego-Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
Historia
Historia da Arte
Humanidades
Información e Documentación
Inglés: Estudos lingüísticos e Literarios
Lingua e Literatura Españolas
Lingua e Literatura Galegas
Lingua e Literatura Inglesas
Lingua e Literatura Modernas
Linguas Estranxeiras
Tradución e Interpretación
Xeografía e Historia

CIENCIAS: 7	CIENCIAS da SAUDE: 12
Bioloxía	Enfermaría
	Farmacía
Ciencias Ambientais	Fisioterapia
Ciencias do Mar	Logopedia
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	
Física	Medicina
	Nutrición Humana y Dietética
	Odontoloxía
	Óptica e Optometría
Matemáticas	Podoloxía
	Psicoloxía
Química	Terapia Ocupacional
	Veterinaria

ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA: 26
Arquitectura
Arquitectura Técnica
Enxeñaría Agraria
Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria
Enxeñaría Civil
Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais
Enxeñaría da Enerxía
Enxeñaría de Obras Públicas
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Enxeñaría Eléctrica
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Producte
Enxeñaría en Organización Industrial
Enxeñaría en Química Industrial
Enxeñaría Forestal
Enxeñaría Forestal e do Medio Natural
Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais
Enxeñaría Informática
Enxeñaría Mariña
Enxeñaría Mecánica
Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo
Enxeñaría Naval e Oceánica
Enxeñaría Química
Enxeñaría en Xeomática e Topografía
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil

CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS: 21
Administración e Dirección de Empresas
Ciencia Política e da Administración
Ciencias da Actividade Física e do Deporte
Ciencias Empresariais
Comercio
Comunicación Audiovisual
Dereito
Dirección e Xestión Pública
Economía
Educación Infantil
Educación Primaria
Educación Social
Pedagogía
Publicidade e Relacións Públicas
Relacións Laborais e Recursos Humanos
Socioloxía
Traballo Social
Turismo
Xestión de Pequenas e M. Empresas
Xeografía e Ordenación do Territorio
Xornalismo

GUÍA do ENSINO UNIVERSITARIO
<http://www.edu.xunta.es/web/guiasug>

As **Universidades da Coruña e Vigo** posibilitan que un estudante poida cursar de forma simultánea dous Graos (***Dobre Titulación***):

- ✓ Grao en Administración e Dirección de Empresa e Dereito: A Coruña e Vigo.
- ✓ Grao en Administración e Dirección de Empresa e Enxeñaría Informática: Vigo (Campus Ourense)
- ✓ Grao en Ciencias Empresariais e Turismo: A Coruña.
- ✓ Grao en Ciencias Empresariais e Arquitectura Técnica: A Coruña.
- ✓ Grao en Bioloxía e Química: A Coruña

**ADSCRIPCIÓN das MATERIAS de MODALIDADE
(2º Bacharelato / Galicia / MGB / 15-16) ás RAMAS do
COÑECEMENTO**

MATERÍAS de MODALIDADE	RAMAS do COÑECEMENTO
ANALISE MUSICAL II	Artes e Humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
ARTES ESCÉNICAS	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
BIOLOXÍA	Ciencias / Ciencias da saúde / Enxeñaría e arquitectura / Ciencias sociais e xurídicas
CIENCIAS da TERRA e MEDIOAMBIENTAIS	Ciencias / Ciencias da saúde / Enxeñaría e arquitectura / Ciencias sociais e xurídicas
DEBUXO ARTÍSTICO II	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
DEBUXO TÉCNICO II	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas / Enxeñaría e arquitectura
DESEÑO	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas / Enxeñaría e arquitectura
ECONOMÍA da EMPRESA	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas / Enxeñaría e arquitectura
ELECTROTECNIA	Ciencias / Enxeñaría e Arquitectura
FÍSICA	Ciencias / Ciencias da saúde / Enxeñaría e arquitectura / Ciencias sociais e xurídicas
GREGO II	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
HISTORIA da MÚSICA e a DANZA	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
HISTORÍA da ARTE	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
LATÍN II	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
LITERATURA UNIVERSAL	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
MATEMÁTICAS II	Ciencias / Ciencias da saúde / Enxeñaría e arquitectura / Ciencias sociais e xurídicas
MATEMÁTICAS APLICADAS ás CC.SS II	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
QUÍMICA	Ciencias / Ciencias da saúde / Enxeñaría e arquitectura / Ciencias sociais e xurídicas
TÉCNICAS de EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas
TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II	Ciencias / Enxeñaría e Arquitectura
XEOGRAFÍA	Artes e humanidades / Ciencias sociais e xurídicas

EXEMPLOS CONCRETOS

GRAOS adscritos ás “**ARTES e HUMANIDADES**” con **NOTA de CORTE alta**, por exemplo: “Traducción e Interpretación Español-Inglés” (10,074)

- **¿Cómo “SUBIR NOTA”?** Presentándome na FASE ESPECÍFICA a dúas MATERIAS de MODALIDADE adscritas ás ARTES e HUMANIDADES.
- **¿Cuáles son esas materias? ¿Cuánto valen sus PARÁMETROS de PONDERACIÓN?**

MATERIAS de MODALIDADE (<i>Artes e Humanidades</i>)	TRADUCIÓN e INTERPRETACIÓN ESP-ING
	<i>Parámetros de Ponderación</i>
ANALISE MUSICAL II	0,1
ARTES ESCÉNICAS	0,1
DEBUXO ARTÍSTICO II	0,1
DEBUXO TÉCNICO II	0,1
DESEÑO	0,1
ECONOMÍA da EMPRESA	0,2
GREGO II	0,2
HISTORIA da MÚSICA e da DANZA	0,2
HISTORIA da ARTE	0,2
LATÍN II	0,2
LITERATURA UNIVERSAL	0,2
MATEMÁTICAS APLIC. ás CC.SS II	0,1
TÉCNICAS de EXPRESIÓN G.P	0,1
XEOGRAFÍA	0,2

GRAOS adscritos ás “**CIENCIAS da SAÚDE**” con **NOTA de CORTE alta**. Por exemplo: “**Medicina**” (12,102) / “**Odontoloxía**” (11,722) / “**Fisioterapia**” (10,510) / “**Enfermería**” (9,700)

- **¿Cómo “SUBIR NOTA”?** Presentándome na FASE ESPECÍFICA a dúas MATERIAS de MODALIDADE adscritas ás CIENCIAS da SAÚDE.
- **¿Cuáles son esas materias? ¿Cuánto valen sus PARÁMETROS de PONDERACIÓN?**

MATERIAS DE MODALIDADE (Ciencias da Saúde)	MEDICINA	ODONTOLOXÍA	FISIOTERAPIA	ENFERMERÍA
	<i>Parámetros de Ponderación</i>			
BIOLOXÍA	0,2	0,2	0,2	0,2
CC. da TERRA	0,1	0,1	0,1	0,1
FÍSICA	0,1	0,1	0,1	0,2
MATEMÁTICAS II	0,1	0,1	0,1	0,2
QUÍMICA	0,2	0,2	0,2	0,2

GRAOS adscritos a “**ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA**” con **NOTA de CORTE alta**. Por exemplo: “**Enxeñaría Informática**” (9,000) / “**Enxeñaría Química**” (8,887) / “**Enxeñaría da Enerxía**” (8,630)

- **¿Cómo “SUBIR NOTA”?** Presentándome na FASE ESPECÍFICA a dúas MATERIAS de MODALIDADE *adscritas* a ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA.
- **¿Cuáles son esas materias? ¿Cuánto valen sus PARÁMETROS de PONDERACIÓN?**

MATERIAS DE MODALIDADE (<i>Enxeñaría e Arquitectura</i>)	ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA da ENERXÍA
	<i>Parámetros de Ponderación</i>		
BIOLOXÍA	0,1	0,1	0,1
CC. da TERRA	0,1	0,1	0,2
DEBUXO TÉCNICO II	0,1	0,2	0,2
DESEÑO	0,1	0,1	0,1
ECONOMÍA da EMPRESA	0,1	0,1	0,1
ELECTROTECNIA	0,2	0,1	0,2
FÍSICA	0,2	0,2	0,2
MATEMÁTICAS II	0,2	0,2	0,2
QUÍMICA	0,1	0,2	0,2
TECNOLOXÍA IND. II	0,1	0,2	0,2

GRAOS adscritos ás “**CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS**” con **NOTA de CORTE alta**. Por exemplo: “**Xornalismo**” (9,860) / “**Dereito e Admon. Dirección Empresas**” (9,708) / “**Comunicación Audiovisual**” (9,190).

- **¿Cómo “SUBIR NOTA”?** Presentándome na FASE ESPECÍFICA a dúas MATERIAS de MODALIDADE adscritas ás CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS.
- **¿Cuáles son esas materias? ¿Cuánto valen sus PARÁMETROS de PONDERACIÓN?**

MATERIAS de MODALIDADE (<i>Ciencias Sociais e Xurídicas</i>)	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	XORNALISMO
	<i>Parámetros de Ponderación</i>	
ANALISE MUSICAL II	0,1	0,1
ARTES ESCÉNICAS	0,2	0,2
BIOLOXÍA	0,1	0,1
CC. da TERRA e AMBIENTAIS	0,1	0,1
DEBUXO ARTÍSTICO II	0,2	0,2
DEBUXO TÉCNICO II	0,1	0,1
DESEÑO	0,2	0,2
ECONOMÍA da EMPRESA	0,2	0,2
FÍSICA	0,1	0,1
GREGO II	0,1	0,2
HISTORIA da MÚSICA e da DANZA	0,2	0,2
HISTORIA da ARTE	0,2	0,2
LATÍN II	0,1	0,2
LITERATURA UNIVERSAL	0,2	0,2
MATEMÁTICAS II	0,1	0,1
MATEMÁTICAS APLICADAS ás CC.SS II	0,2	0,2
QUÍMICA	0,1	0,1
TÉCNICAS de EXPRESIÓN G.P	0,2	0,2
XEOGRAFÍA	0,1	0,2

LEXISLACIÓN

- A **Lei Orgánica** 2/2006, do 3 de maio, de Educación (**LOE**) (*B.O.E do 4 de maio de 2006*).
- **Decreto** 126 / 2008, do 19 de xuño, polo que establece a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*D.O.G do 23 de xuño de 2008*).
- **Orde** do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*D.O.G do 27 de xuño de 2008*).
- **Orde** do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do Bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (*D.O.G do 1 de xuño de 2011*)
- O **Real Decreto** 1892 / 2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao (*B.O.E do 24 de novembro de 2008*).
- **Orde** EDU / 1434 / 2009, do 29 de maio (*B.O.E do 4 de xuño de 2009*), pola que se actualizan os anexos do Real Decreto 1892 / 2008.
- **Orde** do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan, para o ano académico 2010-2011, as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia para o alumnado que estea en posesión do Título de Bacharel ou equivalente(*D.O.G do 4 de abril de 2011*).

- **Orde** do 5 de abril de 2013 (*D.O.G do 15 de abril de 2013*) pola que nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se publican os parámetros de ponderación das materias da fase específica da PAU, para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do sistema universitario de Galicia no curso 2013-2014.

Podes atopalas na páxina web da CiUG:

<http://ciug.cesga.es/lexislacion.php>

**PARÁMETROS de PONDERACIÓN das
MATERIAS de MODALIDADE
(Ramas do coñecemento / Títulos de Grao)**

<http://ciug.cesga.es/PDF/ponderaciones15.pdf>

Circular na páxina web da CiUG: Parámetros de Ponderación das Materias de Modalidade da Fase Específica da PAU-2015 para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do S.U.G para o acceso ao curso 2015-2016

PAU: Campus Sur --- Facultade de Farmacia

Ahí nos encontraremos ... en XUÑO de 2016



A AULA



PAU-2015

➤ CALENDARIO:

10, 11 y 12 de Xuño // 16, 17 y 18 de Setembro

➤ HORARIO:

PRIMEIRO DÍA	
MAÑÁ:	TARDE:
9:00 Presentación	16:00 Lingua Galega e
10:00 Lingua Castelá e Literatura	Literatura
11:30 <i>Descanso</i>	17:30 <i>Descanso.</i>
12:15 Historia de España / Historia da Filosofía	18:15 Lingua Estranxeira
13:45 <i>Fin da sesión.</i>	19:45 <i>Fin da sesión.</i>

SEGUNDO DÍA	
MAÑÁ:	TARDE:
9:00 MATEMÁTICAS II GREGO II TÉCNICAS EX. GP	16:30 BIOLOXÍA HISTORIA da ARTE
10:30 <i>Descanso.</i>	18:00 <i>Descanso.</i>
11:15 CIENCIAS da TERRA e AMBIENTAIS. LITERATURA UNIVERSAL. DESEÑO.	18:45 ELECTROTECNIA. MATEMÁTICAS APLICADAS a las Ciencias Sociales II. ARTES ESCÉNICAS.
12:45 <i>Descanso.</i>	20:15 <i>Fin da sesión.</i>
13:30 QUÍMICA LATÍN II DEBUXO ARTIST. II	
15:00 <i>Fin da sesión.</i>	

TERCEIRO DÍA

MAÑÁ:

9:00 FÍSICA
XEOGRAFÍA
ANALISE MUSICA II

10:30 *Descanso.*

11:15 TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II
ECONOMÍA da EMPRESA

12:45 *Descanso.*

13:30 HISTORIA da MÚSICA e da DANZA
DEBUXO TÉCNICO II

15:00 *Fin da sesión.*

<http://ciug.cesga.es/PDF/horario.PDF>

CICLOS FORMATIVOS de GRAO SUPERIOR

<http://www.edu.xunta.es/fp/>

¿QUE É A FP?

- A **FORMACIÓN PROFESIONAL** é un conxunto de accións formativas, durante un período máximo de dous anos, que capacitan para o exercicio dunha profesión, preparan para o acceso ao emprego e facilitan a adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida.
- Ordénase en **26 FAMILIAS PROFESIONAIS**.
- As Familias Profesionais están constituídas por **CICLOS FORMATIVOS**:
 - ✓ **Formación teórica**: Nos Institutos.
 - ✓ **Formación práctica**: Nas empresas.
- Os Ciclos Formativos poden ser de **GRAO MEDIO** ou de **GRAO SUPERIOR**.

QUÉ TÍTULO SE OBTÉN?

- Superando un ciclo de grao medio obterase o título de **TÉCNICO** ou de **TÉCNICA**.
- Superando un ciclo de grao superior obterase o título de **TÉCNICO** ou **TÉCNICA SUPERIOR**.

¿CALES SON OS REQUISITOS PARA ACCEDER A UN CICLO DE GRAO SUPERIOR?

➤ Para poder cursar estudos de ciclos formativos de grao superior, o alumnado debe cumprir algún dos requisitos seguintes:

- ✓ **TÍTULO** de **BACHAREL**.
- ✓ Título de técnico especialista, de técnico superior ou equivalente para efectos académicos.
- ✓ Titulación universitaria ou equivalente para efectos académicos.
- ✓ Ter superado o segundo curso de calquera modalidade de bacharelato experimental.
- ✓ Ter superado o curso de orientación universitaria (COU) ou preuniversitario (PREU).
- ✓ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

De non cumprir ningún dos requisitos anteriores é posible acceder a un ciclo de grao superior superando as **PROBAS DE ACCESO** que as administracións educativas organizan todos os anos, sempre e cando se dean algunha das seguintes situacións:

- ✓ Ter cumpridos dezanove anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.
- ✓ Cumprir ou ter cumpridos dezaioito anos no ano natural de celebración da proba e dispor dun título de técnico, no momento de inscrición na proba, que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción a que opta.

SAÍDAS ACADÉMICAS: Grao Universitario

Ao finalizar un ciclo formativo de grao superior poderase **acceder de modo directo**, sen necesidade de proba, a **calquera ENSEÑANZA UNIVERSITARIA de GRAO** e a calquera outro ciclo formativo de grao superior.

Se o título universitario tivese **LIMITACIÓN de PRAZAS** o acceso farase tendo en conta a **NOTA MEDIA do CICLO FORMATIVO**.

Para mellorar esta nota de acceso é posible presentarse a unha **PROBA** (*Fase Específica da PAU*)

ACCESO Á UNIVERSIDADE

- As persoas que dispoñan do título de técnico superior de formación profesional, ou de títulos equivalentes, poderán acceder de modo directo, sen necesidade de proba, a calquera ensinanza universitaria de grao.
- **Cando o número de solicitudes de admisión a unha ensinanza universitaria de grao sexa superior ao número de prazas ofertadas**, as universidades públicas empregarán para a adxudicación de prazas a **NOTA de ADMISIÓN**.
- **A Nota de Admisión (NMC**, Nota media do ciclo formativo):
 - ✓ Media aritmética das cualificacións numéricas (1 a 10) dos módulos.
 - ✓ Non se computarán nin o módulo de formación en centros de traballo nin módulos validados.
 - ✓ A NMC expresarase con dúas cifras decimais.

¿PODO MELLORAR A NOTA DE ADMISIÓN?

As persoas que desexen mellorar a nota de admisión deberán realizar os exercicios da **FASE ESPECÍFICA** das probas de acceso á universidade (**PAU**)

- A fase específica axustarase aos seguintes criterios:
 - ✓ Cada estudante poderá realizar un máximo de catro exercicios da súa elección.
 - ✓ Para que as **materias de modalidade computen** no cálculo da nota de admisión, **deben estar adscritas á rama de coñecemento do grao ao que se queira optar.**
 - ✓ Cada exercicio presentará dúas opcións entre as que o estudante deberá elixir.
 - ✓ A puntuación en cada exercicio estará entre cero e dez puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superado o exercicio cando obteña unha cualificación igual ou superior a cinco puntos.
 - ✓ Para a realización dos exercicios, as persoas candidatas poderán utilizar, á súa elección, calquera das linguas oficiais de Galicia.
 - ✓ A cualificación das materias da fase específica terá validez para o acceso á universidade durante os dous cursos académicos seguintes á superación destas.

¿CÓMO SE CALCULA A NOTA DE ADMISIÓN?

$$\text{Nota de Admisión} = \text{NMC} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMC: Nota media do ciclo formativo.

M1, M2: Para que os exercicios computen no cálculo da nota de admisión, as materias deben estar adscritas á Rama de Coñecemento do Título Universitario de Grao ao que se pretenda acceder.

a, b: Parámetros de Ponderación das materias M1 e M2 da Fase Específica. En xeral Terán un valor de 0,1 pero as universidades poderán elevar ese valor ata 0,2 para os temarios que consideren máis idóneos para seguir con éxito as ensinanzas universitarias.

➤ **É importante saber que:**

- ✓ Os parámetros de ponderación para cada curso académico e materia figuran na páxina web da Comisión Interuniversitaria de Galicia.
- ✓ A nota de admisión expresarase con tres cifras decimais.
- ✓ A adxudicación de prazas para cada un dos títulos de grao farase en función da nota de admisión obtidas polo estudante para ese título.
- ✓ Cando se produza empate para a adxudicación de prazas, terán opción preferente os estudantes cuxos títulos estean adscritos ás ramas de coñecemento nas que se encontren as ensinanzas de grao que desexen cursar.

Adscrición dos Títulos de Técnico Superior as Ramas de Coñecemento:

http://www.edu.xunta.es/fp/sites/fp/files/fp/Orientacion/anexo_ii_-_acceso_univerdidade_fp_2011.pdf

SAÍDAS PROFESIONAIS

- A obtención do título de técnico ou técnico superior, pola superación dun ciclo formativo de grao medio ou grao superior, respectivamente, permite a incorporación da persoa ao mercado laboral.
- O exercicio da profesión dunha persoa titulada de formación profesional comporta o **desempeño cualificado dunha actividade nun campo profesional**, que pode ser executada de xeito autónomo e que pode levar consigo a asunción de responsabilidades dentro dunha organización produtiva.
- Nos currículos de cada ciclo formativo descríbese o contorno profesional onde a persoa titulada pode exercer o seu labor, ademais de indicarse as ocupacións e os postos de traballo máis salientables para exercer a súa profesión.

OFERTA EDUCATIVA de CICLOS FORMATIVOS de GRAO SUPERIOR

➤ A Estrada

✚ IES “Antón Losada Diéguez”

- ✓ Administración y finanzas.

➤ Silleda

✚ IES “Pintor Colmeiro”

- ✓ Xestión comercial e marketing.

➤ Santiago de Compostela

✚ CIFP “Compostela”

- ✓ Dirección e cociña.
- ✓ Dirección e servicios de restauración.
- ✓ Educación infantil.
- ✓ Xestión de aloxamentos turísticos.

✚ CIFP “Politécnico de Santiago”

- ✓ Automatización e robótica industrial.
- ✓ Automoción.
- ✓ Construcións metálicas.
- ✓ Laboratorio de análise e de control de calidade.
- ✓ Mantemento electrónico.
- ✓ Química ambiental.
- ✓ Sistemas de telecomunicacións e informáticos.
- ✓ Sistemas electrotécnicos e automatizados.

✚ CIFP “Santiago”

- ✓ Xestión forestal e do medio natural.

IES “A Pontepedriña”

- ✓ Comercio internacional.
- ✓ Xestión comercial e marketing.
- ✓ Animación sociocultural.

IES “As Fontiñas”

- ✓ Secretariado.
- ✓ Administración e finanzas.
- ✓ Proxectos de edificación.
- ✓ Proxectos de obra civil.

IES “Lamas de Abade”

- ✓ Anatomía patolóxica e citoloxía.
- ✓ Saúde ambiental.
- ✓ Documentación sanitaria.
- ✓ Estética integral e benestar.
- ✓ Próteses dentais.

IES “Plurilingüe Rosalía de Castro”

- ✓ Animación de actividades físicas e deportivas.
- ✓ Animación turística.
- ✓ Axencias de viaxes e xestión de eventos.
- ✓ Guía, información e asistencia turísticas.

IES “San Clemente”

- ✓ Administración de sistemas informáticos en rede.
- ✓ Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

Para saber máis:

http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/4411

Gracias pola vosa atención!!!